

## SOLICITUDE PARA ADQUISIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DESTINADA AO ALUMNADO ADMITIDO EN 1º DE PRIMARIA.

**Normativa:** Orde de 7 de maio de 2024 (DOG 20/05/24)

**Prazo de solicitudes:** Dende o 21 de maio de 2024 ata o 21 de xuño de 2024 (incluído).

**Lugar de presentación:** Secretaría do CEIP Rosalía de Castro

As solicitudes tamén poderán presentarse vía electrónica no formulario normalizado (ED 330B- anexos I e II) disponible na aplicación fondolibros (<https://edu.xunta.es/fondolibros>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondolibros, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a aínda que estean no mesmo centro.

**Contías das axudas para adquirir libros de texto para o alumnado de 1º de primaria:**

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€: 240€
- Renda per cápita familiar superior a 6000€ e inferior a 10000€: 160€
- Alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: 300€ (con independencia da renda per cápita da unidade familiar).

**Contías das axudas para adquirir material escolar para o alumnado de 1º de primaria:**

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6000€: 75€
- Renda per cápita familiar superior a 6000€ e igual ou inferior a 10000€: 60€.

**Cálculo da renda familiar (casilla 435 + casilla 460) / nº de membros da unidade familiar (Renda 2022).**

Son membros da unidade familiar (situación familiar a 31/12/22): Recollido no Artigo 4 da Orde 07/05/24.

**Documentación a presentar:**

- Anexo I e II.
- Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

Excepcionalmente (cando non se dispoña de libro de familia), poderase acreditar con:

- Certificado de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do concello onde resida a familia.
- Certificado de discapacidade do/da alumno/a ou calquer membro da familia non expedido pola Administración autonómica.
- Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
- Resolución xudicial e incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais do concello onde resida a familia, no caso de que o pai/nai/titor/a carezan de DNI e NIE.

### **Comprobación de datos**

Consultaranse automáticamente os seguintes datos: DNI, NIE, certificado de discapacidade, percepción de pensión por incapacidade. A data de referencia será o 31/12/22

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro e achegar os documentos.

Poderase consultar e descargar toda a información deste procedemento na páxina web do noso centro.

A DIRECCIÓN DO CENTRO